



## **EXPEDIENTE 2024/C004/000008. Contratación do servizo "Festa da terceira idade 2024".**

### **Providencia de Alcaldía – Memoria necesidade do contrato.**

#### **1. Obxecto do contrato.**

O Concello de Touro ven celebrando anualmente a “Festa da terceira idade” coa finalidade de fomentar a participación e a convivencia entre as persoas maiores do municipio.

O presente contrato ten por obxecto a prestación do servizo de comida para a terceira idade, con motivo da celebración da Festa da terceira idade 2024 o próximo día 8 de setembro, conforme ao que se establece nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, nos que se especificarán as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato e os factores de toda orde a ter en conta.

#### **2. Xustificación da necesidade da contratación.**

A Lei Reguladora de Bases do Réxime Local (LO 7/1985, de 2 de abril) regula no seus artigos 25 e 26 as competencias municipais. Para o desenvolvemento destas competencias faise necesario adquirir produtos que son de utilización común e continua nos diferentes servizos municipais e se requiren para o seu propio funcionamento e o cumprimento dos seus fins. A finalidade da presente licitación é a elaboración dunha lista de materiais e un provedor capaz de proporcionar un servizo rápido, eficaz e de calidade.

#### **3. Procedemento de contratación.**

O procedemento a seguir para a contratación deste servizo é o procedemento aberto simplificado en cumprimento do establecido no artigo 156 e seguintes da LCSP. Este procedemento permitir a todo empresario capacitado a presentación de proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato.

#### **4. Insuficiencia de medios propios.**

O Concello de Touro non dispón dos medios humanos e materiais para poder levar a cabo o obxecto do contrato dunha forma directa, segundo queda acreditado no informe de insuficiencia de medios que obra no expediente.

#### **5. Xustificación da non división en lotes do contrato.**

O contrato forma un lote unitario dado que comporta a contratación, ademais da elaboración da comida, do servizo de camareiros, así como a montaxe e desmonte da infraestrutura necesaria. A realización independente das diversas prestacións que constitúen o seu obxecto dificultaría enormemente a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, polo que se entende que o servizo debe ser prestado por un único adxudicatario.

A correcta execución do obxecto do contrato supón a necesidade dunha coordinación efectiva e nun breve espazo de tempo das diferentes prestacións implicadas (compra de subministracións, cociñado, empratados, coordinación da atención a comensais, posta a piques das instalacións, etc.), cuestión que podería verse imposibilitada por unha execución por lotes e unha pluralidade de contratistas diferentes.

#### **6. Prazo de execución e prórrogas:**

O servizo prestarase o día 8 de setembro de 2024.

#### **7. Criterios de adxudicación:**

Dadas as características da actuación, totalmente definidas no prego de prescricións técnicas, estímase conveniente a adxudicación do contrato realizarse utilizando un único criterio de adxudicación que será o prezo de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.



### 8. Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato.

Visto que a licitación realizada EXPEDIENTE 2024/C004/000006 quedou deserta por falta de licitadores, considérase necesario un incremento no prezo base de menú por persoa pasando de 30,00 € a 32,00 €

Estimación persoas asistentes	600
Prezo base proposta menú/persoa	32,00 €
Orzamento base de licitación	19.200, 00 €
IVE (10%)	1.920,00 €
Total	21.120,00 €

O valor estimado do contrato é de 19.200,00 euros, calculado na forma determinada no artigo 101 da LCSP, a razón dun prezo máximo unitario por cuberto de 32,00 € sen IVE e para un número de 600 cubertos que como máximo comprenderá o obxecto do contrato e nos que se inclúen os cubertos relativos a voluntarios, persoal funcionario, invitados, corporación, e outros que teñen relación directa coa festa.

Para este efecto dispoño:

**PRIMEIRO.** Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato do servizo "Festa da terceira idade 2024". (Expediente 2024/C004/000008).

**SEGUNDO.** Dar traslado aos Servizos Técnicos municipais co fin de que se proceda á elaboración dos correspondentes pregos así como tramitar o expediente de contratación administrativa en función da consignación orzamentaria existente.

**TERCEIRO.** Publicar a presente no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En Touro na data da sinatura electrónica á marxe.

O Alcalde, Roberto Castro Rocamonde